



Grupo de Cantos Populares e Música Tradicional “Airiños de Orbazai”







- **Historia do Grupo**

- **Ano 2.010**

O Grupo de Canto e Música Tradicional “**Airiños de Orbazai**” creouse no verán do ano **2.010**, cando varios veciños da parroquia de **Orbazai** (*Lugo*) amantes da *música tradicional* decidiron aproveitar o bon ambiente que había na parroquia en todas as *festas e reunións veciñais*, para contaxiar o seu amor e coñecementos musicais cós veciños da parroquia, e aproveitando que as **Festas Patronais** celébranse no mes de *Setembro*, decidiron xuntarse e formar o Grupo “**Airiños de Orbazai**”. O primeiro gran acto foi un “*Pasarrúas*” por toda a parroquia no **Día do Patrón** (*San Miguel*), contando para esa ocasión cun tren turístico para desprazarse polos distintos lugares da parroquia de **Orbazai**.





Dende os seus comezos a agrupación musical contou cun número elevado de integrantes, con moitos veciños, con ganas de aprender e disfrutar da música tradicional galega, e dirixidos pola acordeonista **Eva De La Torre** e varios veciños máis, que xa tocaban entre outros instrumentos a gaita e o tamboril, comezaron a reunirse na *Casa Escola* da parroquia, unha vez a semana, para recibir clases de *música tradicional*.





o Ano 2.011

Coa chegada do ano **2.011**, e vista a evolución musical que levaba a agrupación, fruto deses *ensaios/clases semanais*, a *directiva* decidiu dar un paso máis e **GRABAR** o primeiro tema, nos **Estudios Abrigueiro (Friol)**, que foi a '**Rumba de Anxeriz**' o día *17 de Maio do 2.011*.



Ese mesmo día, tiveron a súa *primeira* actuación, coincidindo co **Día das Letras Galegas**, foi na '**Feira do Libro**' na *Praza Maior* de Lugo, o día *17 de Maio do 2.011*.



Nesta **1ª Foliada de Orbazai**, celebrada o *Sábado 4 de Xuño do 2.011*, serviu tamén de inauguración da **Carballeira de Xanares**, e forón convidadas distintas agrupacións como: **Trío Iugués, Reviravolta, Pena do Golpe, Arrincadeira, Caivanca e Penas de Rodas**, e como non **Airiños de Orbazai**, sendo a posta de largo desta agrupación musical.



Outra das actuacións neste ano **2.011** foi na **Romería do Carmen de Adai**, no mes de *Xuño (25 de Xuño do 2.011)*, e que serviu para visitar e darse a coñecer na parroquia veciña.





Co comenzo do **Curso 2.011-2.012**, no mes de *Setembro*, a agrupación decidiu facer un cambio na *dirección musical* do grupo e contrataron como mestre a **Lis Latas**, reconocido gaiteiro e artesán de gaitas, para levar a *dirección* do **Grupo de Canto e Música Tradicional** e para impartir clases de **Baile tradicional**; ademáis, trouxeron para dar clases de **Gaita e Percusión** ó mestre **Pepe Vaamonde**.



o Ano 2.012

O día **26 de Marzo do 2.012**, creouse a **Asociación Cultural “Airiños de Orbazai”**, os membros da agrupación musical decidiron dar un paso máis e crear unha *Asociación Cultural sen ánimo de lucro*, a cal desenvolverá preferentemente as súas actividades no ámbito local da parroquia de **Orbazai** no Concello de **Lugo**, e terá os fines principais na práctica e propagación da música tradicional galega, a danza e a música coral; fomentar e encauzar a amizade e as iniciativas entre os amantes da música tradicional no Concello de **Lugo**; coordinar as súas actividades e traballar pola difusión das mesmas, lograr a formación musical dos seus integrantes e organizar e participar en actividades culturais e festivais de calquera índole.

Para levar a cabo os seus fins, podrá a *asociación* organiza-las seguintes actividades: *organización de foliadas, festas, encontros musicais, e calquera outra actividade relacionada coa música; a proxección das actividades dentro e fora da propia parroquia; organizar charlas, conferencias, coloquios, cursos,... relacionados coa música; cooperar con outras asociacións culturais, veciñais, musicais, comunidades de montes, etc... da parroquia de Orbazai e doutras localidades en materia de difusión musical, así como con outro tipo de entidades (corporacións municipais, centros educativos, etc.).*

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse, exclusivamente, ó cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre os asociados nin outras persoas física ou xurídicas con interese lucrativo.



Neste ano **2.012** foi a *primeira viaxe* da agrupación musical fora da provincia de **Lugo**, foi á **8ª Foliada de Melide (A Coruña)** o **28 de Abril do 2.012**, na que actuaron na **Capela de San Antón (Praza do Convento)**.





Tamén, realizouse o *Sábado 2 de Xuño* a **II Foliada de Orbazai**, nesta ocasión estiveron presentes: **Alejandro&Tomás, Reviravolta, Caivanca, Antaruxas e Sorteiros (A Fonsagrada), Arrincadeira, Grupo Nasdrovia, Xesta Verde (Friol), Folquiada de Lugo, Os Trastiños de Castelo e Airiños de Orbazai.**





No mes de *Agosto*, o *Domingo día 5*, acudiron á **XXXII Romería de Penas de Rodas (Outeiro de Rei)**, actuando tanto na sesión da *mañá* como pola *tarde* nun marco único e cheo do ambiente típico das **Romerías tradicionales**.





Nese mesmo mes de Agosto, acudiron á **XV Mostra Folclórica de A Fonsagrada**, un referente a nivel nacional no marco da música tradicional, foi o *Sábado 11 de Agosto*, e compartiron cartel xunto a agrupacións como: **Grupo de Danzas Castellanas “Diego Porcelos”** (Burgos), **Grupo Folclórico “Manantial del Vino”** (Tomelloso – Ciudad Real), **Rancho Folclórico “Da Pedralva”** (Anadia – Portugal) e **Asociación Cultural “Antaruxas e Sorteiros”** (A Fonsagrada).





No mes de *Setembro* estiveron presentes no **6º Aniversario da Casa da Música** do Concello de Lugo cunha actuación diante do Concello na ***Praza Mayor*** de Lugo.




Neste mes de *Setembro*, coincidindo coas **Festas de San Miguel de Orbazai**, o *Domingo 23 de Setembro*, a agrupación musical "***Airiños de Orbazai***" amenizou as festas do patrón en **Orbazai**.





Co comenzo do **Curso 2012-2013** engadíronse, ás xa existentes actividades de **ensaio** do **Grupo de Canto, Baile Tradicional** (co mestre **Lis Latas**) e **Gaita e Percusión** (co mestre **Pepe Vaamonde**), as **NOVAS** de **Grupo Pandereteiras** (tamén con **Pepe Vaamonde**) e **Acordeón** (con **Eva De La Torre**). Nos distintos horarios de **Luns, Xoves e Sábados**. Sendo o **obxectivo** principal das actividades *fomentar o noso Foclore galego, o baile tradicional, a música galega* a través de instrumentos como a gaita, o acordeón e a percusión (*tamboril, pandeireta e bombo*); así como a *recuperación do Canto de Taberna*. Pero sempre compartindo nas diferentes clases, un tempo común para divertirse nos ensaios conxuntos o longo do curso.

No mes de *Outubro* chegou o **San Froilán (Do 4 ó 12)** e coas Festas locais chegou a **primeira** aparición da agrupación "**Airiños de Orbazaí**" no **San Froilán**, foi o Día do Patrón, o *5 de Outubro do 2.012*, e consistiu nun **pasarrúas** por distintas zonas da nosa cidade. Comenzando na *Praza da Milagrosa* continuando nunha, moi concurrida, *Praza Maior* e rematando na *Praza da Soidade*.





No mes de *Decembro*, concretamente o *día 15*, acudiron ós **Estudios Abrigueiro (Friol)** para comenzar a **grabar** varios temas, para así poder acudir a actuacións na **TVG** e con vistas a un futuro CD.





O ano **2.012** rematou coa actuación do Grupo “**Airiños de Orbazai**” no **Centro Sociocultural de Xuventude e Terceira Idade** en **Monterroso** convidados polo Excmo. Concello de **Monterroso** e a Asociación Cultural ‘**Falcatrueiros**’.





o Ano 2.013

O ano **2.013** comenzo coa actuación do Grupo de Canto “**Airiños de Orbazai**” no Entroido do Concello de Lugo, o *Martes 12 de Febreiro*, na *Praza Mayor de Lugo*.



Neste comenzo do ano **2.013** foi a **1ª visita** do Grupo de Canto e Música Tradicional “**Airiños de Orbazai**” ó programa da **TVG ‘Luar’**, na noite dos venres e comandado por *Xosé Manuel Gayoso*, foi o *día 22 de Febreiro* sendo a **primeira experiencia televisiva** do grupo.





No mes de Xuño, concretamente o *Sábado día 1*, celebrouse a **III Foliada de Orbazai**, nesta ocasión foron invitados grupos como: **Alejandro&Tomás, Reviravolta, Xesta Verde (Friol), Os Xílgaros de Lugo, Caivanca, Antaruxas e Sorteiros (A Fonsagrada), Arrincadeira, Grupo Nasdrovia, Penas de Rodas (Outeiro de Rei), Os Trastiños de Castelo, Folquiada de Lugo, Airiños do Neira (Baralla), Sarabelafolk, as Escolas de Baile, Gaita e Pandeiretas de Airiños de Orbazai e o Grupo de Canto e Música Tradicional “Airiños de Orbazai”.**





Neste mesmo mes de *Xuño*, o *Venres día 7*, a Agrupación musical “*Airiños de Orbazai*”, actuou no programa da TVG “*Luar*” compartindo escenario con **El Consorcio**.





En Agosto deste ano **2.013**, concretamente o *Domingo 4 de Agosto*, as distintas agrupacións da Asociación Cultural “*Airiños de Orbaza*” forón convidadas, un ano máis, nesta ocasión a **XXXIII Romería de Penas de Rodas** (*Outeiro de Rei*), onde voltaron a disfrutar dunha xornada de confraternización nunha paraxe moi especial.





O *Sábado 10 de Agosto*, o Grupo de Canto e Música Tradicional “**Airiños de Orbaza**” acudiu a **XVI Mostra Internacional de Folklore de A Fonsagrada**, convidados pola Asociación “**Antaruxas e Solteiros**” e compartindo cartel con agrupacións como: **Grupo Folclórico “Caño Gordo”** (Tarancón – Cuenca), **Agrupación Cultural “Saudade”** (Barcelona), **Ronda Típica “Da Meadela”** (Viana do Castelo – Portugal), **Agrupación Folclórica “La Sidrina”** (Lugones – Asturias) e a **Asociación Cultural “Antaruxas e Sorteiros”** (A Fonsagrada).

XVI MOSTRA FOLCLÓRICA
10 de Agosto
2013
A FONSGRADA (Lugo)



PROGRAMA

12:30 h. - Pasarelas
13:30 h. - Demostración de danza na Praza do Espinho (Gijón)
17:15 h. - Pasarelas ata a Praza do Concello
18:00 h. - Recepción dos participantes
18:15 h. - Comezo da XVI MOSTRA FOLCLÓRICA, coa participación dos seguintes grupos:

- * GRUPO FOLCLÓRICO “CAÑO GORDO”
(Tarancón - CUENCA)
- * AGRUPACIÓN CULTURAL “SAUDADE”
(BARCELONA)
- * RONDA TÍPICA “DA MEADELA”
(Viana do Castelo - PORTUGAL)
- * AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA “LA SIDRINA”
(Lugones - ASTURIAS)

* AGRUPACIÓN “AIRIÑOS DE ORBAZA”
(Lugo)

* ASOCIACIÓN CULTURAL “ANTARUXAS E SORTEIROS”
(A Fonsagrada)

22:00 h. - REMATE DA MOSTRA:
VERBENA na Praza da Igrexa.





O *Domingo 11 de Agosto*, celebrouse na parroquia de **Orbazai** a **I Festa da Malla**, organizada pola *Asociación de Veciños* e na que estivo presente a Agrupación Musical “**Airiños de Orbazai**”.



No mes de *Setembro*, o *día 7*, o Grupo de Canto e Música Tradicional “**Airiños de Orbazai**” actuou na Parroquia de **San Vitorio de Rivas do Miño (O Saviñao)** na **Capela Románica de Guadalupe**.





Unha vez pasado o verán do **2.013**, comenzaría un **novo Curso**, neste caso o **Curso 2.013-2.014**, e con el **NOVAS** actividades da Agrupación “**Airiños de Orbazai**”; para este NOVO curso añadíronse as clases de **Baile para Nen@s** (de 4 a 12 anos) impartidas polo mestre **Lis Latas**, ademáis de manter as que xa había, como eran **Clases de Gaita, Percusión e Pandereteiras** impartidas polo mestre **Pepe Vaamonde**; **Baile Adultos**, impartida por **Lis Latas**; ademáis das clases de **Acordeón** impartidas por **Eva De La Torre**, e como non os *ensaios* do Grupo de Canto “**Airiños de Orbazai**” co mestre **Lis Latas**; nos distintos horarios de *Luns, Xoves e Sábados*. Co **obxectivo** principal de *fomentar o noso Folclore, o noso Baile e a nosa Música*.

Coa chegada do mes de *Outubro* vendrían as **Festas Patronais do San Froilán** no que a agrupación “**Airiños de Orbazai**” encargouse do *Pasarrúas* no **Día do Patrón**, o *5 de Outubro*, percorreron as rúas do *Centro Histórico* para rematar cun pequeno concerto na *Praza Armañá* (diante da Subdelegación do Goberno). E o *Sábado 12 de Outubro (Día do Pilar)* o Grupo de Canto “**Airiños de Orbazai**” realizou un **Concerto** na *Praza do Campo Castelo* de Lugo.





No mes de *Decembro*, foron convidados ó **'Festival Solidario de Magia y Música'** celebrado o 23 de *Decembro* no **HULA**.





o Ano 2.014

No mes de *Marzo*, o *día 2* o **Grupo de Canto e Música Tradicional “Airiños de Orbazai”** actuou na parroquia de *Neli-Alvariño* en **San Lourenzo de Árbol (Vilalba)** na **Festa do Entroido** por medio da *Deputación de Lugo*.

No mes de *Abril*, o *Domingo 20*, coincidindo coa **Festividade da Pascua** en **Orbazai**, amenizaron a *misa solemne*, a *procesión* e a *sesión vermut*, aínda que as condicións metereolóxicas non foron as máis adecuadas.





No mes de *Maio*, o **Grupo de Gaitas de “Airiños de Orbaza”** participou no programa da *Deputación de Lugo* ‘**Maio de Lingua, mil primaveras máis para a lingua galega!**’ actuando o *Domingo 11* na “**Foliada na rúa**” polas rúas do *Recinto Histórico* de Lugo.

Maio de lingua
Mil primaveras máis para a lingua galega!

Sábado 3 20:00 h / Foliada na rúa*
Grupo Andarín

Domingo 4 12:00 h / Foliada na rúa*
Cantigas e Flores

Luns 5 10:00 h / IES Porto Dese Castro de Burela
Presentación do libro: **Poesía Galega completa** de Xosé María Díaz Castro (Ed. de Armandi, Requena)

Miércoles 7 20:00 h / Babero de Maio de Lugo
Proxección do documental: **O instante Elirnio** coa presenza do director: Xosé Antón Casco

Reven 8 12:30 h / Maio Miúdo**
Soledad Feiliza con **Xeografía do Inmigrante**

Reven 9 19:30 h / Foliada na rúa* **Os Transilios de Castelo**

Reven 9 20:00 h / Foliada na rúa*
Presentación da obra: **Novas de Poesía** da Fundación Unio Novoneyra, con Blanca Novoneyra

Sábado 10 17:00 h / Praza de San Marcos
Recital de poesía: **Versos ao Vento**
Coa actuación musical de **Alfonso e César Morán**

Domingo 11 18:30 h / Foliada na rúa*
Airiños de Orbaza (12:00 h) e **A Volta do Agro** (19:00 h)

TODAS AS ACTIVIDADES SON DE BALDE

*Maio Miúdo: Sala de Exposicións do Praza de San Marcos.
*Foliada na rúa: Sala de Praza de San Marcos, Praza do Campo, Praza Maior e remeio na Praza de San Marcos.





A mediados deste ano **2.014**, saíu a venta o *primeiro disco* do **Grupo de Canto e Música Tradicional “Airiños de Orbazai”**, baixo o título de **“Pasos do Mera”**, grabado nos **Estudios Abrigueiro (Friol)**, editado por **Escóitame Producións**; *ilustracións, diseño e maquetación* por parte de **Miguel Folgueira** e baixo a *dirección e arranxos* de **Lis Latas** e *colaboración* de **Pepe Vaamonde**; no que colaboraron a *Comunidade de Montes de Orbazai*, a *Deputación de Lugo* e a **Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua** do *Concello de Lugo*.



Este primeiro CD está composto por **12+1 cancións**, entre as que figuraban temas como: **A Miña Burriña** (*Tradicional*), **O Candil** (*Tradicional*), **O Cantar do Arrieiro** (*Tradicional*), **Pasos do Mera** (*Pepe Vaamonde*) adicado a **“Airiños de Orbazai”**, **Fía na Roca** (*Tradicional*), **Quer que lle quer** (*Tradicional*), entre outros, ou a colaboración no programa **“Luar”** da **TVG** entre **Airiños de Orbazai** e o **Consortio** cantando **“A Miña Burriña”**.



No mes de *Xuño*, o *Sábado 7*, celebrouse a **IV Foliada de Orbazai** baixo o lema “***non toquedes sos tocade con nós!!***”, e con numerosos actos como a *Misa solemne* (11:30), unha *Exposición de Artesanía* con instrumentos musicais, traxe tradicional galego, o proceso do liño, cestería, bolillos, coiro e xoguetes tradicionais,... e animada coas actuacións musicais de ***Argalleiros de Fingoi*** e ***Grupo Gaitas de Airiños de Orbazai*** (dende as 12:00). Seguido dun ***Xantar Popular*** (14:30). Para a partir das 17:00 ter as actuacións musicais a cargo das agrupacións musicais: ***Escolas da Asociación “Airiños de Orbazai”***, ***Argalleiros de Fingoi***, ***Os Valuros (Castro de Rei)***, ***Penas de Rodas (Outeiro de Rei)***, ***Antaruxas e Sorteiros (A Fonsagrada)***, ***Reviravolta (Lugo)***, ***Airiños do Neira (Baralla)***, ***Os Xílgaros de Lugo*** e ***Airiños de Orbazai***. Para rematar una degustación de pinchos e ***Foliada Popular***.





Xa no mes de *Agosto*, forón convidados ó **XIX Festival Folclórico de Os Valuros** en *Castro de Rei*, o día *10 de Agosto*, no que actuaron tanto o **Grupo de Gaitas** como o **Grupo de Baile de Nen@s** e o **Grupo de Canto e Música Tradicional** da Asociación Cultural “*Airiños de Orbaza*”.




No mes de *Setembro*, actuaron na parroquia veciña de **Adai** dentro da **Romería da Virxe da Saude de Santa María Madalena de Adai**, cita obrigada no fin do verán por convite dos veciños da citada parroquia.





E chegou o comenzo dun novo *Curso* para as distintas actividades da Asociación Cultural, sería o **Curso 2.014-2.015**, no que cambiou a mestre das clases de **Acordeón** pasando a ser dadas pola mestre **Begoña López**, mantuvíronse os *ensaíos* do **Grupo de Canto e Música Tradicional (Luns)** e as clases de **Baile Nen@s** e **Baile Adultos (Xoves)** impartidas polo mestre **Lis Latas**; e as clases de **Pandeireta, Gaita e Percusión (Sábados)** impartidas polo mestre **Pepe Vaamonde**.

No mes de *Outubro*, co inicio das **Festas do San Froilán**, foi a posta de largo do **Grupo de Canto e Música Tradicional "Airiños de Orbaza"** nunha praza grande, xa que o *Sábado 4 de Outubro do 2.014*, co pistoletazo de saída das Festas, foi o **CONCERTO** do Grupo na *Praza de Santa María* de Lugo. A primeira vez que os membros do grupo subíanse a un escenario desa categoría.



04 SÁBADO | San Froilán 2014

18.00 h. Concerto da Escola Fábrica de Sons na praza da Solidariedade.	21.30 h. Concerto de Les Tambours du Bronx na praza Horta do Seminario.
18.30 h. Concerto de Airiños de Orbaza na praza de Santa María.	22.30 h. Paseiras da Charanga Tamega pola zona dos viños.
19.30 h. Festidown 2014. Código Morse no Campo Castelo.	23.00 h. Paseiras da Fanfania Taquikardia polo Campo Castelo.
19.30 h. Paseiras da charanga Exusia por Recatelo e a zona dos viños.	23.00 h. Concerto de Sés no patio do Seminario.
20.00 h. Paseiras dos Xilgans de Lugo pola praza Comandante Manó e o Campo Castelo.	23.30 h. Sesión disco coa Duendeneta na praza da Solidariedade.
20.30 h. Gran verbena coas orquestras Galilea e Salsa Rosa na praza Maceo.	24.00 h. Concerto de Carta de Ajuste no Campo Castelo.
21.00 h. Paseiras de Andaina pola zona dos viños.	24.00 h. Paseiras da Fanfania Taquikardia pola zona dos viños.





E o *Domingo 5 de Outubro do 2014*, **Día de San Froilán**, as *Escolas de Airiños de Orbazai* estiveron presentes na **Ofrenda a San Froilán** na Catedral de Lugo e o **Grupo de Gaitas** actuou na *Feira de Artesanía e Gastronomía do San Froilán*.





Nese mesmo mes de *Outubro*, o *Sábado 25*, o membros do **Grupo de Gaitas “Airiños de Orbazai”** acudiron a **VI Tasca do Liño na Insúa (Vilalba)**.



No mes de *Novembro*, o *Venres día 7*, acudiron ó programa da **TVG “Luar”** para a presentación do disco **“Pasos do Mera”**.





o Ano 2.015

No mes de *Maio*, o *día 19*, tivo lugar a presentación antes os medios de comunicación da **V Foliada de Orbazai** no *salón de plenos da Deputación de Lugo*.



Nese mesmo mes de *Maio*, concretamente o *día 31 de Maio*, actuaron as distintas agrupacións da Asociación Cultural "**Airiños de Orbazai**" na **X Feira da Empanada e Produtos dos Ancares en As Nogais**.





O **Sábado 6 de Xuño** tivo lugar a **5ª Foliada de Orbazai**, con numerosos actos como a *Misa solemne* (11:00), coa *inauguración* do **NOVO local Sociocultural de Xanares** (12:00), cunha *Exposición de Artesanía* coa actuación musical do grupo **“Axeigo”** (12:15). Seguido dun **Xantar Popular** (14:00). Para a partir das 17:30 ter as actuacións musicais a cargo das agrupacións: **Escolas da Asociación “Airiños de Orbazai”**, **Axeigo**, **Abrente (As Nogais)**, **Os da Fonte do Frade (Tomiño)**, **Buxainas (Cedeira)**, **Falcatrueiros (Monterroso)** e **Airiños de Orbazai**. Para rematar una degustación de pinchos e **Foliada Popular**.





O Domingo día 14 de Xuño, o **Grupo de Baile Nen@s** xunto co **Grupo de Gaitas** da Asociación Cultural **“Airiños de Orbazai”** estiveron presentes no **XIX Festival Infantil de Danza en Monterroso**, deixando una moi boa imaxe entre os presentes.





No mes de *Xulio*, o *Domingo 19*, desplazáronse ó Concello de **Meaño** para asistir á **V Mostra Labrega**, e actuar tanto pola *mañá* cos **Grupos de Gaitas, Pandereteiras e Baile**, e xa pola *tarde*, actuou o Grupo de Canto e Música Tradicional “**Airiños de Orbaza**” nun marco inigualable da **Ruta dos Muíños**.





O *Domingo 2 de Agosto*, non se faltou a cita obrigada na **XXXV Romería de Penas de Rodas (Outeiro de Rei)**, tanto na sesión da *mañá* como nos actos da sesión de *tarde* e compartindo xantar popular con todos os romeiros.



No mes de *Agosto*, o *día 9*, as distintas agrupacións da Asociación Cultural **“Airiños de Orbazai”** estiveron presentes na **XIX Feira de Productos Artesáns de Samos**.





Para rematar este mes de *Agosto*, o *Domingo 24*, o Grupo de Canto e Música Tradicional “**Airiños de Orbaza**” estivo presente nos **Domingos Folclóricos de Portomarín**.



O mes de *Setembro* comenzo coa apertura dun novo curso, o **Curso 2.015-2.016** onde se mantuviron os *ensaios* do **Grupo de Canto e Música Tradicional (Luns)**, as clases de **Baile Nen@s (Luns)**, as clases de **Baile Adultos (Martes)** impartidas polo mestre **Lis Latas**; as clases de **Acordeón (Xoves)** impartidas pola mestre **Begoña López**; e as clases de **Pandeireta, Gaita e Percusión (Sábados)** impartidas polo mestre **Pepe Vaamonde**.



No mes de *Outubro*, o *Sábado 3 de Outubro*, forón invitados ó programa da TVG "**Aquí Galicia**" no seu **Especial San Froilán** dende Lugo, que serviu como punto de saída das *Festas Patronais*.





O *Domingo 5 de Outubro* tivo lugar na *Praza de Santa María*, e dentro do programa do **San Froilán 2.015**, o CONCERTO do Grupo de Canto e Música Tradicional “**Airiños de Orbazai**”. Para o cal contaron, entre outros colaboradores, con: *Pepe Vaamonde, Xabi Iglesias, Abraham Cupeiro, María Ruiz*, etc...Sin duda un día difícil de olvidar para os membros da Agrupación musical cun abarrote total na *Praza de Santa María* de Lugo o longo de todo o CONCERTO.





O *Sábado 24 de Outubro*, celebrouse na Insua (*Vilalba*) a **VIII Tasca do Liño e III Fía da Insua** na que a agrupación **“Airiños de Orbazaí”** foi un dos invitados.



O *Domingo 13 de Decembro* o Grupo de Canto e Música Tradicional **“Airiños de Orbazaí”** foi convidado ó **Festival Solidario de Cáritas** na *Igrexa de San Francisco Javier* de Lugo.





E para rematar o ano **2.015**, o *Luns 14 de Decembro* foron convidados á grabación do programa “**Luar**” da **TVG**, programa que se emitiría o *día 1 de Xaneiro* do **2.016**.





o Ano 2.016

No mes de *Marzo*, o *Domingo 23*, celebrouse en Portomarín a **XLVI Festa da Augardente**, e o programa da TVG "**Aquí Galicia**" estivo en directo sendo invitado o Grupo de Canto e Música Tradicional "**Airiños de Orbazai**".



No mes de *Maio*, concretamente o *día 30*, foi presentada ante os medios de comunicación a **VI Foliada de Orbazai** no *salón de plenos* do Concello de Lugo.





Sendo a data do *Sábado 4 de Xuño*, cando tuvo lugar esta **VI Foliada de Orbazai** con numerosos actos como a *Misa solemne* (11:30), cunha *Exposición de Artesanía* con animación musical (12:30). Seguido dun **Xantar Popular** (14:00). Para a partir das 17:30 ter as actuacións musicais a cargo das agrupacións: **Escolas da Asociación "Airiños de Orbazai"**, **Axeigo**, **Banda de Gaitas de Outeiro de Rei-Rábade-Begonte**, **Retrouso da Estrada (Pontevedra)** e **Airiños de Orbazai**. Para rematar una degustación de pinchos e **Foliada Popular**.





O Domingo 28 de Agosto, os componentes do Grupo de Canto e Música Tradicional “**Airiños de Orbazai**” voltaron ós **Domingos Folclóricos de Portomarín**, unhas das citas preferidas por moitos dos integrantes do grupo.



No mes de *Setembro*, coa entrada no novo **curso 2.016-2.017**, a directiva da Asociación Cultural “**Airiños de Orbazai**” deciden substituír ó mestre **Lis Latas** o fronte do Grupo de Canto e Música Tradicional e contratar como NOVO responsable do grupo ó mestre **Brais Monxardín**; mentras o mestre **Lis Latas** continuaría impartindo as clases de **Baile Nen@s** e **Baile Adultos**; e o mestre **Pepe Vaamonde** continuará coas clases de **Gaita, Percusión e Pandereteiras**; así como, a mestre **Begoña López** continuará coas clases de **Acordeón**. Novos cambios e novos retos para a Asociación Cultural.



No mes de *Outubro* coas **Festas de San Froilán**, a **Grupo de Gaitas de “Airiños de Orbazai”** e o **Grupo de Baile de Nen@s** fixeron o Mércores día 5, Día do Patrón, a **Ofrenda a San Froilán** na **Catedral de Lugo**. E o **Grupo de Gaitas “Airiños de Orbazai”**, o Domingo día 9 fixo o **pasarrúas** pola **Rúa Nova**, a **Praza da Soidade** e a **zona dos viños**.





o Ano 2.017

Despois de varios cambios tanto no organigrama da *Asociación* como no número de membros, xa que hubo xente que se deu de **baixa**, ante o cambio na *dirección musical* do Grupo de Canto e Música Tradicional “**Airiños de Orbazai**”, e con el o cambio de estilo. E, ademáis, suprimíronse as clases de **Acordeón**. Polo que quedaron: as clases de **Baile Nen@s**, impartidas polo mestre **Lis Latas**; as clases de **Gaita, Percusión e Pandereteiras**, impartidas polo mestre **Pepe Vaamonde**; e os ensaios do **Grupo de Cantos de Taberna** impartidos polo mestre **Brais Monxardín**.

Tras de varios meses de re-organización e asentamento na Asociación Cultural “**Airiños de Orbazai**”. No mes de *Xuño*, o *Sábado 3*, tivo lugar a **7ª Foliada de Orbazai** baixo o lema “**Contamos con vós!!**” e con numerosos actos como a *Misa solemne* (11:30), cunha *Exposición de Artesanía* con animación musical (12:30). Seguido dun **Xantar Popular** (14:00). Para a partir das 18:00 ter as actuacións musicais a cargo das agrupacións: **Escolas da Asociación “Airiños de Orbazai”**, **Banda de Gaitas de Arume de Malvas (Tui)**, **Os da Fonte do Frade (Tomiño)**, **Asociación Cultural “Río Miño” (Portomarín)**, e **Airiños de Orbazai**. Para rematar una degustación de pinchos e **Foliada Popular**.





Pouco despois, concretamente o *Venres día 9 de Xuño*, acudiron, una vez máis, ó programa da TVG “*Luar*”, pero esta vez coa nova formación e o novo estilo de “*Cantos de Taberna*”.





Xa no mes de *Xulio*, o *día 1*, acudiron novamente a un programa da **TVG**, nesta ocasión o “**Aquí Galicia**” nun directo dende **Lugo**.



O *Sábado 22 de Xulio*, devolveron a visita á **Banda de Gaitas de Arume de Malvas (Tui)** asistindo ó **IV Festival Arume de Malvas**, xunto a Banda de Gaitas local e a **Asociación Cultural Santa Calumba de Ribadelouro (Tui)**.





O mes de *Agosto* chegou coa programación de varias actuacións dentro do programa “**Ágora Cultural**” do *Concello de Lugo*, como foron o *día 4 de Agosto* na *Praza do Campo* e, xa no mes de *Setembro*, o *día 1*, coa *Foliada na Rúa* tamén na *Praza do Campo*.



Neste mes de *Agosto* e dentro do Programa “**Musiquenado pola provincia de Lugo**”, da *Área de Cultura* da *Deputación de Lugo*, acudiron o *día 13 de Agosto* á *XII Feira de Artesanía e Gastronomía* en *Castroverde*, e o *día 27 de Agosto* ós *Domingos Folclóricos* de *Portomarín* e xa nos mes de *Setembro*, o *día 3*, as *Festas Patronais* de *San Vitorio (O Saviñao)*.





Co comenzó do **Curso 2.017-2.018**, tiveron lugar NOVOS cambios na *dirección* de varios Grupos dentro da Agrupación musical, o **Grupo de Cantareiras** pasou a ser dirixido pola mestre **Raquel Mel**, mentras SUPRIMIUSE o **Grupo de Baile de Nen@s**, tras a marcha do mestre **Lis Latas**; o **Grupo de Gaitas** deixou de ser dirixido polo mestre **Pepe Vaamonde** para pasar a ser dirixido polo mestre **Brais Monxardín**; e o **Grupo de Cantos de Taberna** continuou sendo dirixido polo mestre **Brais Monxardín**.

E para rematar o ano, o **Sábado 9 de Decembro** o **Grupo de Cantareiras** e o **Grupo de Cantos de Taberna** da Asociación Cultural "**Airiños de Orbazai**" actuaron no *Centro Sociocultural* de **Sober**, na **Festividade: "20 anos da Asociación Cultural O Trícole"** e dentro do Programa "**Musiqueando pola provincia de Lugo**" da **Área da Cultura** da *Deputación de Lugo*.





o Ano 2.018

No mes de *Abril*, produciuse un cambio na *Directiva* da Asociación Cultural, os membros da *directiva*, que levaban dende a súa creación, decidiron deixar paso as *novas xeracións*, dando paso a unha **NOVA directiva**.

Neste mes de Abril, a primeira aparición da Agrupación musical “*Airiños de Orbazai*” foi o Venres 20, cunha nova presenza no programa líder de audiencia da TVG “*Luar*”.





No mes de Xuño, o Sábado día 2, tivo lugar a **VIII Foliada de Orbazai** baixo o lema “**Non quedes sin coñecernos!**” e con numerosos actos como a *Misa solemne* (11:30), cunha *Exposición de Artesanía* con animación musical a cargo do **Grupo Agarimo** (*Palas de Rei*) ás 12:30. Seguido dun **Xantar Popular** (14:00). Para a partir das 18:00 ter as actuacións musicais a cargo das agrupacións: **Escolas da Asociación “Airiños de Orbazai”**, **A Chocolateira** (*A Pontenova*), **Falcatrueiros** (*Monterroso*) e **Airiños de Orbazai**. Para rematar una degustación de pinchos e **Foliada Popular**.





O mes de *Agosto* comenzou con NOVOS cambios na Agrupación “**Airiños de Orbaza**”, neste caso un novo cambio na *dirección* do **Grupo de Cantos de Taberna**, onde o mestre **Brais Monxardín** deixou a *dirección* do grupo para ser substituído polo mestre **Vadim Yukhnevich**, acordeonista bielorruso afincado en Lugo; mentras o mestre **Brais Monxardín** continuaría o frente do **Grupo de Gaitas** e a mestre **Raquel Mel** continuaría a cargo do **Grupo de Cantareiras**.

No mes de *Agosto*, o *Domingo 12 Agosto*, o **Grupo de Cantareiras** e o **Grupo de Cantos de Taberna** da Asociación Cultural “**Airiños de Orbaza**” actuaron, un ano máis, dentro dos **Domingos Folclóricos de Portomarín**.



No mes de *Setembro* deu comenzó o **Curso 2.018-2.019**, e a Asociación Cultural “**Airiños de Orbaza**” ofertaba clases de **Grupo de Cantareiras** coa mestre **Raquel Mel**, clases do **Grupo de Gaitas** co mestre **Brais Monxardín** e os ensaios do **Grupo de Cantos de Taberna** co mestre **Vadim Yukhnevich**.



O mes de *Outubro* chegou coas **Festas Patroais do San Froilán** (Do 4 ao 12 de *Outubro*), e con elas una nova aparición do **Grupo de Gaitas “Airiños de Orbazai”** e o **Grupo de Cantareiras** no programa do *Pasarrúas* das **Festas**. Foi o *Venres 5 de Outubro*, **Día do Patrón**, dende a *Medusa (Avenida da Coruña)* e pola *Praza Viana do Castelo*, a *Praza do Agro do Rolo* e rematar na zona da **Milagrosa**; para amenizar coa música tradicional distintas zonas da cidade.





o Ano 2.019

A primeira actuación da Agrupación Musical “**Airiños de Orbazai**” neste ano **2.019**, foi una nova visita o programa da **TVG “Luar”**, nesta ocasión foi o **Venres 22 de Marzo**.



No mes de *Abril*, concretamente o *Sábado día 27*, foron convidados ó **II Encontro de música e baile tradicional de A Pontenova**, onde actuaron as distintas agrupacións da Asociación Cultural “**Airiños de Orbazai**”, o **Grupo de Cantareiras**, o **Grupo de Gaitas** e o **Grupo de Cantos de Taberna**.





Coa chegada do mes de *Xuño*, chegou una NOVA edición da *Foliada de Orbazai*, nesta ocasión foi a **9ª Foliada de Orbazai**, baixo o lema “**Non quedes sin coñecernos!**” e con numerosos actos como a *Misa solemne* (12:00), cunha *Exposición de Artesanía* con animación musical a cargo do **Grupo Agarimo (Palas de Rei)** ás 12:30. Seguido dun **Xantar Popular** (14:00). Para a partir das 18:00 ter as actuacións musicais a cargo das agrupacións: **Escolas da Asociación “Airiños de Orbazai”, Marbadás (Ribadeo), Santa Columba Ribadelouro (Tui) e Airiños de Orbazai**. Para rematar una degustación de pinchos e a actuación do Grupo **Comando Curuxás**.





Tamén no mes de *Xuño*, o *Domingo día 30*, acudiron á **XXXIX Romaxe Penas de Rodas (Outeiro de Rei)**, onde durante todo o día celébranse multitud de actividades lúdicas para o disfrute dos romeiros.



No mes de *Agosto*, o *Luns día 12*, a Agrupación musical "**Airiños de Orbazai**" foi convidada a participar nos actos da **XXIV Feira da Rosca de Sober**.





Tamén neste mes de Agosto, o *Sábado 24*, participaron dentro dos actos de celebración da **XXXVI edición da Festa ó Emigrante do Concello de Pol**, para amenizar a *previa do Xantar na Carballeira de Mosteiro*.



No mes de *Setembro* deu comezo o **Curso 2.019-2.020**, con máis cambios nas actividades da Asociación Cultural “*Airiños de Orbaza*”, nesta ocasión o mestre **Brais Monxardín**, que dirixía o **Grupo de Gaitas**, causou BAIXA, sendo substituído polo mestre **Xian Parga**, mentras que o **Grupo de Cantareiras** seguiría sendo dirixido pola mestre **Raquel Mel** e o **Grupo de Cantos de Taberna** seguiría sendo dirixido polo mestre **Vadim Yuhnevich**.

No mes de *Outubro* foron convidados á **XI Tasca do Liño na Insua (Vilalba)**, foi o *Sábado 26 de Outubro*.





o Ano 2.020

O ano **2.020** estivo marcado pola Pandemia do **Covid-19**, e tanto a Asociación Cultural “**Airiños de Orbazai**” como as distintas *Agrupacións*, que a forman, estiveron **PARADAS** dende o mes de *Marzo*, e non tiveron nin *clases*, nin *actuacións*.





o Ano 2.021

Despois do *paro técnico* da Asociación Cultural “**Airiños de Orbazaí**” debido á situación xerada pola crise da pandemia do **Covid-19**, e tras levar dende o mes de *Marzo* do **2.020** sen actividade, a situación na que se encontraba a Asociación levou á RENUNCIA por parte da *Presidenta* e da *Secretaría* da Asociación; polo que para seguir coa actividade da Asociación convocouse, con data do *2 de Setembro* do **2.021**, unha **Asamblea Extraordinaria** para cubrir os postos que deixaran vacantes ditas renuncias, así como para RENOVAR varios postos na *Xunta Directiva* da Asociación Cultural “**Airiños de Orbazaí**”. E unha vez asignados os NOVOS postos na *directiva*, acordouse por unanimidade, dos Asociados presentes ou representados, de conformidade co establecido nos **Estatutos** da Asociación, elixir ós NOVOS integrantes da *Xunta Directiva*.

A **NOVA Directiva** da Asociación Cultural “**Airiños de Orbazaí**” decidiu poñerse en contacto con tódolos **SOCIOS** para informar das novas da Asociación, en relación co Grupo de '**Cantos de Taberna**', despois de mirar *varias opcións* para retomar as clases, unha vez que as restricións debidas á pandemia do **Covid-19** parecían ser favorables á realización de clases en conxunto, dende a *NOVA Directiva* decidiuse que a persoa que máis se axeitaba e que máis podía axudar a reconducir a situación era o *mestre Lis Latas*, que voltaría a *dirección musical* despois duns anos, e sería o encargado dos *ensaíos* do Grupo de “**Cantos de Taberna**”, os cales pasarían a ser os **MARTES**; ademáis se ocuparía de dar as clases de **Gaita + Percusión** e, se retomarían, despois duns anos, coas Clases de **Baile Tradicional**, ditas clases serían os **SÁBADOS**.

A boa nova foi que coa volta do mestre **Lis Latas**, interesáronse en voltar, tamén, moitos dos integrantes da primeira etapa, que xa estiveran con él, e que se deran de baixa cando se marchou. Así como, tamén déronse de ALTA moita xente ligada ó mestre **Lis Latas**; voltando, de este modo, ós **ORIXES** do Grupo de Canto e Música Tradicional “**Airiños de Orbazaí**” e as súas distintas **Escolas** (*Grupo de Gaitas e Grupos de Baile Tradicional, tanto en adultos como en nen@s*).



Polo que no mes de *Novembro*, concretamente o *día 2 de Novembro*, comenzou o **Curso 2.021-2.022**, ofertando dende a directiva da Asociación Cultural as seguintes actividades:

APERTURA DO PRAZO PARA A INSCRIPCIÓN NOS CURSOS E ACTIVIDADES PERMANENTES DA ASOCIACIÓN CULTURAL "AIRIÑOS DE ORBAZAI".

PERIODO DE INSCRIPCIÓN DE:

06 de OUTUBRO a 24 de OUTUBRO de 2.021

HORARIOS CURSO 2021/2022

AIRIÑOS DE ORBAZAI (GRUPO CANTOS de TABERNA)
(4 PARTIR DE 14 ANOS)

ENSAIOS OS **MARTES**, de 21:00 h a 22:00 h
NO LOCAL SOCIAL (local de Xineres)
DURACIÓN CURSO : ata o 30 de Xullo de 2.022

GAITA + Percusión : de 10:00 a 11:00 h
BAILE Tradicional : de 11:00 a 12:00 h

ENSAIOS OS **SÁBADOS** NO LOCAL SOCIAL (local de Xineres)
DURACIÓN CURSO : ata o 30 de Xullo de 2.022

Os ensaios e as clases comenzarán o 02 de NOVEMBRO de 2.021
Os PAGAMENTOS faranse no primeiro clase de cada mes.

- A Asociación Cultural "Airiños de Orbazai", resérvase o dereito de CANCELAR as actividades ou cursos se NON se chegado a cubrir un número mínimo de prazos por curso ou actividade.
- As prazos son limitados.
- As prazos dispoñibles serán ocupados preferentemente e segundo o disposto no art. 10 das Estatutos por socios numerarios, fundadores e socios, por rigoroso orde de inscrición. Se quedaren prazos dispoñibles poderán ser ocupados por socios simpatizantes, todo isto de conformidade coas bases aprobadas por acordo do xunta Directiva.

Mán 1001
airinos
airinos@orbazai.org

As expectativas para este **NOVO Curso** e **NOVA etapa**, para as distintas actividades dentro da Asociación Cultural "**Airiños de Orbazai**", sobrepasaron ó esperado, comenzando o **Curso 2.021-2.022** con **40 soci@s** apuntados para o **Grupo de Canto e Música Tradicional**, **15 soci@s** para o **Grupo de Gaitas e Percusión** e **25 soci@s** para o **Grupo de Baile Tradicional**. Ademáis o **TOTAL** de **soci@s** tivo un considerable aumento con respecto os anteriores anos.



o Ano 2.022

O ano **2.022** comenzo con moitas ganas e ilusión postas nos *ensaios* e *clases* das distintas actividades da Asociación Cultural “**Airiños de Orbazai**” e co obxectivo posto en deixar atrás os anos da pandemia do **Covid-19** e na volta á organización da **Foliada de Orbazai**, neste ano sería a **10ª Foliada de Orbazai**.





No mes de *Xuño*, concretamente o día *18 de Xuño do 2.022*, voltou a **Foliada** á parroquia de **Orbazai**, e a Asociación Cultural organizou a **10ª Foliada de Orbazai**, baixo o lema “**Voltando ás Orixe**” e con actos como unha **Churrascada Popular** ás 14:00, na que se xuntaron casi *200 persoas*. Para a partir das 18:00 ter as actuacións musicais a cargo das agrupacións: **Escolas da Asociación “Airiños de Orbazai”, Madia Leva, Son de Lugh, Reviravolta e Airiños de Orbazai**. Para rematar una degustación de pinchos e **Foliada Popular**.





No mes de *Agosto*, o *Domingo 14*, o Grupo de Canto e Música Tradicional “*Airiños de Orbazai*” voltaron ós **Domingos Folclóricos de Portomarín**, nesta ocasión foi para “*Los Tardeos de Portomarín na Praza do Camiño*”, xunto á Asociación Local “*Río Miño*” e organizada polo Concello de **Portomarín**.





Coa chegada do mes de *Setembro* iniciouse un NOVO curso, nesta ocasión sería o **Curso 2.022-2.023**, ofertando dende a *directiva* da Asociación Cultural as seguintes actividades:

APERTURA DO PRAZO PARA A INSCRIPCIÓN NOS CURSOS E ACTIVIDADES PERMANENTES DA ASOCIACIÓN CULTURAL "AIRIÑOS DE ORBAZAI".

PERIODO DE INSCRIPCIÓN DE:
23 de AGOSTO a 09 de SETEMBRO de 2.022
agds Baile Tradicional Nen@s ata o Venres 30 de SETEMBRO

HORARIOS CURSO 2022/2023

AIRIÑOS DE ORBAZAI (GRUPO CANTO)
(A PARTIR DE 14 ANOS)

ENSAIOS OS **MARTES** de 21:15 h a 22:15 h

NO LOCAL SOCIAL (local de Ximenes)
DURACIÓN CURSO : ata o 30 de Xullo de 2.023

GAITA + Percusión : de 10:00 a 11:00 h
BAILE Tradicional (Iniciación) : de 11:00 a 12:00 h
BAILE Tradicional (Nen@s a partir 4 anos): de 11:00 a 12:00 h
BAILE (Perfeccionamento) : de 12:00 a 13:00 h
CANTAREIRAS : de 13:00 a 14:00 h

ENSAIOS OS **SÁBADOS** NO LOCAL SOCIAL (local de Ximenes)
DURACIÓN CURSO : ata o 30 de Xullo de 2.023

Os ensaios e as clases comenarán o **SÁBADO 03 de SETEMBRO** de 2.022
agds o Baile Nené@s que comenarán o **Sábado 03 de OUTUBRO** de 2.022
Os **PAGAMENTOS** faranse na primeira clase de cada mes.

- A Asociación Cultural "Airiños de Orbazai", resérvase o dereito de **CANCELAR** as actividades ou cursos se **NON** se chegaran a cubrir un número mínimo de prazos por curso ou actividade.
- As prazos son limitadas
- As prazos dispoñibles serán ocupados preferentemente e segundo o disposto no art. 10 das Estatutas por socios numerarios, familiares e novatas, por rigorosa orde de inscrición. Se quedaran prazos dispoñibles poderán ser ocupados por socios simpatizantes, todo ello de conformidade coas bases aprobadas por acordo da xunta Directiva.

Más info!
orbaizai
airinosorbazai@hotmail.com

Para este NOVO Curso dende a *directiva* da Asociación Cultural, xunto co *director musical*, o mestre **Lis Latas**, decidiron aumentar a OFERTA e engadir as clases de **Baile Tradicional para Nen@s (a partir dos 4 anos)** e crear o **Grupo de Cantareiras**, ademáis de manter as xa existentes **Clases de Gaita e Percusión, Clases de Iniciación ó Baile Tradicional, Clases de Perfeccionamento de Baile Tradicional**, todas elas os *Sábados*, e os *ensaios* do Grupo de Canto e Música Tradicional "**Airiños de Orbazai**" os *Martes*.



Sendo todo un éxito a OFERTA, conseguindo 30 *alumn@s* nos **Grupos de Baile Tradicional** (*Iniciación e Perfeccionamento*), 16 *alumn@s* no **Grupo de Cantadeiras**, 45 *alumn@s* no **Grupo de Canto e Música Tradicional**, 25 *alumn@s* no **Grupo de Gaita e Percusión** e 10 *alumn@s* no **Grupo de Baile Nen@s**; e incrementando o número TOTAL de **Soci@s** da Asociación Cultural chegando ós **184 Soci@s**.

Neste ano **2.022**, dende a **Área de Cultura** da *Deputación* de Lugo púxose en marcha o Programa “**Tradigalu**” para fomentar a música tradicional galega o longo de toda a provincia, e coa chegada do mes de *Setembro* a agrupación musical da Asociación Cultural “**Airiños de Orbazai**” tivo a súa primeira actuación dentro do citado programa, foi con motivo das **Festas do Barrio da Milagrosa** en Lugo.



Neste mesmo mes de *Setembro*, o *Sábado 17*, acudiron a outra cita “**das de sempre**”, foi a **Romería da Virxe da Saude de Santa María Magdalena de Adai** na parroquia veciña de **Adai**.




E para rematar o mes de *Setembro*, o *Domingo 25*, nas **Festas do Barrio de Paradai** na honra a *San Mateo*, e dentro do Programa “*Tradigalu*” tiveron una nova actuación cun *Pasarrúas* polo Barrio de Paradai para rematar no *campo da Festa* cunha actuación do Grupo de Canto e Música Tradicional “*Airiños de Orbazai*”.





O mes de *Outubro* chegou coas **Festas do San Froilán** (Do 4 ó 12 de *Outubro*), e con elas, concretamente o *Mércores día 5*, **Día do Patrón**, tivo lugar as 12:00 o **CONCERTO** do Grupo de Canto e Música Tradicional “*Airiños de Orbaza*” na *Praza de San Marcos*.





Ese mesmo día, nada máis rematar o CONCERTO do Grupo de Canto e Música Tradicional, o **Grupo de Gaitas** de “**Airiños de Orbazai**” fixo o *Pasarrúas* polo **Recinto Ferial**, completando un Gran Día para a Asociación Cultural.



O **Domingo das Mozas**, día 9 de *Outubro*, tivo lugar a **50ª Edición do desfile do traxe galego**, na *Praza Maior* e a **Ofrenda floral a Rosalía de Castro** no *Parque*, dentro dos actos do San Froilán e alí acudiu unha representación da Asociación Cultural “**Airiños de Orbazai**”.





E para rematar os actos das **Festas do San Froilán**, o **Grupo de Gaitas de “Airiños de Orbazai”** tuvo o **Pasarrúas do Luns día 10**, acompañando ós **xigantes e cabezudos** pola **Praza Maior e zona de viños**.

LUNS 10 (DÍA DOS MAIORES)

12.30 h Vi Cultura e tradición no Camiño a cargo de Trasadaina. Demostracións de elaboración de zocos, zocas e exposición de colchas. Das 12h ás 20h no Centro Cultural O Vello Cárcere.

17.00 h Pasarrúas de **Cántigas e Frores** polas rúas Progreso, Rúa, San Marcos, praza de Ferrol, Campo Castelo, San Pedro e Martiño de Canal.

17.30 h Verbena cos orquestra **STEREO** na praza Maior.

20.00 h Concerto de **ARRHYTHMIA** na praza da Mosqueira.

20.00 h **Xigantes e cabezudos + Airiños de Orbazai** na praza Maior.

20.30 h Pasarrúas de **Airiños de Orbazai** polo recinto histórico, rúa Nova, zona dos viños e Tinaria.

21.00 h Concerto de **XOAN CURIEL** na praza Santa María. As 20h Telenoticias: **BRANCA VILLARES E PABLO PINTOR**.



LUNS 10:
18.30 h. "Piccole Theatre" de Teatro Marionetas Tríoala na Carpa do San Froilán Miúdo.



O mes de **Outubro** rematou coa actuación do Grupo de Canto e Música Tradicional **“Airiños de Orbazai”** na **Casa de Cultura de Guntín**, despois do cambio de ubicación por culpa das condicións metereolóxicas, xa que en principio iba a ser diante do **Mosteiro de Ferreira de Pallares (Guntín)**.




ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO
MOSTEIRO DE FERREIRA DE PALLARES

- 22 de outubro - 18 h
- Praza de Ferreira de Pallares

ACTUACIÓN MUSICAL
DA AGRUPACIÓN
AIRIÑOS DE ORBAZAI



**POUR CAUSES METEOROLOGICAS
- NOVA UBICACIÓN -
CASA DA CULTURA DE GUNTÍN**





o Ano 2.023

No mes de *Marzo*, o *Sábado 25*, tivo lugar no local social de **Xanares** na parroquia de **Orbazai** a presentación, por parte da **Asociación de Veciños**, do libro “**As construcións tradicionais da parroquia de Orbazai**” e para rematar o acto tivo lugar unha actuación do Grupos de Cantos Populares da Asociación Cultural “**Airiños de Orbazai**”, antes dos pinchos.



Presentado el libro 'As construcións tradicionais da parroquia de Orbazai'

El local social de Xanares, en la parroquia de Orbazai, acogió la presentación del libro 'As construcións tradicionais da parroquia de Orbazai', editado por la asociación vecinal en colaboración con la Vicepresidencia de la Diputación, cuya responsable, Maite Ferreiro, participó en el acto. La publicación documenta y analiza los edificios del medio rural, tanto viviendas como construcciones auxiliares o de uso común, como palleiras, hórreos, hornos, molinos, pilemares, fuentes, iglesias, pozos o lavaderos. »



No mes de *Maiο*, concretamente o *Mércores día 17*, **Día das Letras Galegas**, a través do Programa “**Tradigalu**” da **Área de Cultura** da *Deputación de Lugo*, a Agrupación Musical “**Airiños de Orbazai**” acudiu á **Romaría do Sagrado Corazón en Santa Locaia (Castro de Rei)**, onde serviu de presentación do **Grupo Cantareiras D’Xanares**.





No mes de *Xuño*, concretamente o *día 1*, a *directiva* da Asociación Cultural “**Airiños de Orbazai**” acudiu á **Deputación de Lugo** para a presentación ante os medios de comunicación e autoridades, da que sería a **XI Foliada de Orbazai (3 de Xuño)**.



O *Sábado 3 de Xuño* a Asociación Cultural “**Airiños de Orbazai**”, en colaboración coa *Comunidade de Montes de Orbazai*, a *Asociación de Veciños de Orbazai*, a **Área de Cultura** da *Deputación de Lugo* e do *Concello de Lugo*, organizou a **XI Foliada de Orbazai**, con numerosos actos como a *Feira de Artesanía*, que voltou despois de varios anos, con animación musical (11:00). Seguido dun **Xantar Popular** (14:00), no que se xuntaron 400 persoas. Para a partir das 17:00 ter as actuacións musicais a cargo das agrupacións: **Escolas da Asociación “Airiños de Orbazai”**, **Son de Lugh**, **Cantareiras D’Xanares**, **Fol do Raxal (Cervo)**, **Rancho Folclórico de Santa María de Adufe (Braga – Portugal)** e **Airiños de Orbazai**. Para rematar una degustación de pinchos e Foliada Popular.







O mes de *Xuño* supuso a primeira visita do **Grupo de Cantareiras D'Xanares**, da Asociación Cultural "**Airiños de Orbazaí**", a un programa da **TVG**, nesta ocasión foi o **Especial Arde Lucus** do programa "**Aquí Galicia**", o *Domingo 23 de Xuño*.





No mes de Agosto, o *Sábado 12*, chegou a primeira ***viaxe internacional*** das Agrupacións musicais da Asociación Cultural “***Airiños de Orbaza***”, foi ó **I Festival Internacional de Folclore en Santa María de Adaúfe (Braga - Portugal)**. Onde tanto o Grupo de ***Cantadeiras D’Xanares*** como o Grupo de Canto e Música Tradicional “***Airiños de Orbaza***” acudiron a una *xornada cultural* para a promoción e divulgación da *cultura*, a *música* e o *baile tradicional galego* no país veciño.





Para rematar este mes de Agosto, o *Domingo 27*, por medio do programa “*Tradigalu*” da **Área de Cultura** da *Deputación de Lugo*, a agrupación musical da Asociación Cultural “*Airiños de Orbazaí*” por medio do Grupo **Cantareiras D’Xanares** e o Grupo de Canto e Música Tradicional “*Airiños de Orbazaí*” actuaron en **Santa Comba da Órrea (Riotorto)** no marco da **Festa do “Roteiro regos e fontes”**.





Coa chegada do mes *Setembro*, deu comenzo un **NOVO** Curso, nos cursos e actividades permanentes da Asociación Cultural "**Airiños de Orbazai**", nesta ocasión o **Curso 2.023-2.024**, e con el NOVAS actividades que completar ás xa existentes, para este curso se ofertaron: **Clases de Pandeireta de Iniciación, Clases de Pandeireta de Perfeccionamento, Clases de Baile Tradicional de Iniciación, Clases de Baile Tradicional de Perfeccionamento, Clases de Pandeireta para Nen@s (a partir de 4 anos), Clases de Baile Tradicional para Nen@s (a partir de 4 anos), Clases de Gaita de Iniciación, Ensaio do Grupo de Pasarrúas, Ensaio do Grupo Cantareiras D'Xanares (Grupo Pechado) en horarios dos Sábados; e ensaios do Grupo de Pandereteiras e do Grupo de Canto e Música Tradicional "Airiños de Orbazai" (Grupo Pechado) en horarios dos Martes.** Tendo unha GRAN acollida entre os Soci@s da Asociación Cultural e aumentando considerablemente o número de alumnos.

APERTURA DO PRAZO PARA A INSCRIPCIÓN NOS CURSOS E ACTIVIDADES PERMANENTES DA ASOCIACIÓN CULTURAL "AIRIÑOS DE ORBAZAI"

PERIODO DE INSCRIPCIÓN DE:
21 de AGOSTO a 30 de SETEMBRO de 2.023
agás Baile Tradicional Nen@s e Pandeireta Nen@s ata o Venres 27 de OUTUBRO de 2.023

HORARIOS CURSO 2023/2024

Grupo "PANDERETEIRAS de ORBAZAI"
ENSAIOS OS **MARTES**, de 19:30 h a 20:30 h

Grupo Canto e Música "AIRIÑOS DE ORBAZAI"
(Grupo **CERRADO**)
ENSAIOS OS **MARTES**, de 20:45 h a 22:15 h

Grupo Pasarrúas "Airiños de Orbazai":	de 10:00 a 11:00 h
Pandeireta e Percusión (Iniciación):	de 10:00 a 11:00 h
Pandeireta (Perfeccionamento):	de 11:00 a 12:00 h
BAILE Tradicional (Iniciación):	de 11:00 a 12:00 h
BAILE Nen@s (A partir de 4 anos):	de 11:00 a 12:00 h
Gaita (Iniciación):	de 12:00 a 13:00 h
BAILE Tradicional (Perfeccionamento):	de 12:00 a 13:00 h
Pandeireta Nen@s (A partir de 4 anos):	de 12:00 a 13:00 h
"Cantareiras d'Xanares" (Grupo CERRADO):	de 13:00 a 14:00 h

ENSAIOS/Clases OS SÁBADOS
DURACIÓN CURSO: ata a 30 de Xullo de 2.024

Os ensaios e as clases comenzarán o **SÁBADO 01** de SETEMBRO de 2.023
agás o Baile e Pandeireta Nen@s comenzarán o **Sábado 07** de OUTUBRO
Os **PASAMENTOS** faranse na primeira clase de cada mes.

* A Asociación Cultural "Airiños de Orbazai", resérvase o dereito de CANCELAR as actividades ou cursos se NON se chegan a cubrir un número mínimo de prazas por curso ou actividade.
MIA 14141
01072023
www.aorbazai.com



Neste mes de *Setembro* o *Domingo 17*, por medio do Programa “*Tradigalu*” da **Área de Cultura** da *Deputación de Lugo*, a agrupación musical da Asociación Cultural “*Airiños de Orbazai*” por medio do **Grupo de Gaitas e Pasarrúas** fixo un *Pasarrúas* nas **Festas na honra da Virxe das Angustias** en *O Corgo*.



No mes de *Setembro*, concretamente o *día 29* e o *día 30* foron as **Festas na honra o San Miguel** en *Orbazai* e o **Grupo de Gaitas e Pasarrúas** amenizou tanto o *Sábado 29* cun *Pasarrúas* polos distintos barrios da parroquia, e o *Domingo 30* a *Procesión da misa solemne* e o comenzo da *Sesión Vermut*.





O mes de *Outubro* comenzo cunha nova actuación do Grupo de Canto e Música Tradicional “**Airiños de Orbazai**”, por segundo ano consecutivo pero esta vez si se pudo actuar diante do **Mosteiro de Ferreira de Pallares** xa que no ano 2.022 houbera que cambiar a ubicación do concerto por mor das desfavorables condicións metereolóxicas. Así que, o *Domingo 1 de Outubro* dentro das **Festas en Ferreira de Pallares (Guntín)** o Grupo de Canto e Música Tradicional “**Airiños de Orbazai**” fixo un **Concerto no Mosteiro**.





No mes de *Outubro* foron as **Festas do San Froilán (Do 4 ó 12) “A gran festa do outono galego”** e, como cabía de esperar, as agrupacións musicais da Asociación Cultural “**Airiños de Orbazaí**” tiveron un gran protagonismo; xa que, ademáis de ser convidadas a actuar nos *Pasarrúas*, para amenizar coa música tradicional os barrios da cidade de **Lugo** durante as **Festas patronais**, tamén o Grupo de Canto e Música Tradicional “**Airiños de Orbazaí**” tivo un merecido **CONCERTO** na *Praza de Santa María* dentro dos **Concertos no San Froilán**, e nesta ocasión actuaron como *teloneiras* o Grupo de **Cantareiras D’Xanares**, sendo a posta de largo desta agrupación pertencente á Asociación Cultural “**Airiños de Orbazaí**”.





O ano **2.023** rematou cun *balance* moi **POSITIVO** para as distintas *agrupacións musicais* pertencentes á Asociación Cultural “***Airiños de Orbazá***”, con varias actuacións tanto de **Grupo de Gaitas e Pasarrúas**, como do **Grupo de Cantareiras D’Xanares**, como, sobre todo, do **Grupo de Canto e Música Tradicional**; como, tamén, no número de *alumn@s*, neste **Curso 2.023-2.024** superamos os **100**, que asisten ás distintas *actividades* da Asociación Cultural: **Clases de Pandeireta Nen@s (a partir de 4 anos)**, **Clases de Baile Tradicional Nen@s (a partir de 4 anos)**, **Clases de Pandeireta Iniciación Adultos**, **Clases de Pandeireta Perfeccionamento Adultos**, **Clases de Baile Tradicional Iniciación Adultos**, **Clases de Baile Tradicional Perfeccionamento Adultos**, **Clases de Iniciación á Gaita Galega**, **Ensaio Grupo Pandereteiras**, **Ensaio Grupo de Gaitas e Pasarrúas**, **Ensaio Grupo Cantareiras D’Xanares**, **Ensaio Grupo de Canto e Música Tradicional “Airiños de Orbazá”**. E no referente á **Asociación Cultural** rematamos o ano **2.023** con **200 asociad@s** e con moita ilusión e boas expectativas de futuro.



o Ano 2.024

No mes de Maio, o Domingo 19, as distintas agrupacións da Asociación Cultural “**Airiños de Orbazai**” (Grupos de Pasarrúas, Cantareiras D’Xanares e Grupo de Cantos Populares) foron convidadas á **Romaría do San Alberte e Festa da Fala** de Sambreixo en Parga (Guitiriz). Debido as malas condicións metereolóxicas tivose que habilitar o interior da Capela para as diversas actuacións.

SAN ALBERTE
DOMINGO 19 DE MAIO DE 2024
ROMARÍA DO SAN ALBERTE
e FESTA DA FALA

- Pola mañá, misas e procesión. MOSTRA DE ARTESANÍA.
- CAMINATA D'ENDE GUITIRIZ (PRAZA) POLA RUTA DA AUGA ÁS 10:00, E D'ENDE PARGA(CIT) ÁS 12:00.
- 14:00 SESIÓN VERMÚ CON:
 - GRUPOS DE GAITAS E BAILE DE XERMOLOS
 - BLOQUINHO DE XERMOLOS
 - AIRIÑOS DE ORBAZAI.
 - LISCOS E CHOURIZOS GRATIS.
- A PARTIR DAS 17:00 CELEBRACIÓN DOS MAIOS COS GRUPOS DE PANDEREITEIR@S DE XERMOLOS
- ACTUACIÓN DE:
 - ASOCIACIÓN MÚSICA LEVA
 - ESCOLA DE MÚSICA DE XERMOLOS
 - AIRIÑOS DE ORBAZAI

• Remate con **FOLIADA LIBRE**

Colaboran: GRUPO PABLO, COMUNIDADE DE MONTES DE SAMBREIXO, CONCELLO DE GUITIRIZ

Organiza: **Xermolos**





O *Sábado 1 de Xuño* a Asociación Cultural “**Airiños de Orbazai**”, en colaboración coa *Comunidade de Montes de Orbazai*, a **Área de Cultura** da *Deputación de Lugo* e do *Concello de Lugo*, organizou a **XII Foliada de Orbazai**, con numerosos actos como a *Feira de Artesanía* e o *Festival “Fin de Curso” das Escolas da Asociación Cultural “Airiños de Orbazai”*, na sesión matinal, xunto coa *Sesión Vermut* coas “**Pandereteiras de Orbazai**”. Seguido dun **Xantar Popular** (14:30), no que se xuntaron 200 persoas. Para a partir das 17:30 ter as actuacións musicais a cargo das agrupacións: **Cantareiras D’Xanares**, **Asociación Cultural “Xermolos”** (Guitiriz), **Ondiñas do Mendo** (Leirado-Salvaterra do Miño), **Agrupación Folklórica “La Sidrina”** (Lugones-Asturias) e **Airiños de Orbazai**. Para rematar una degustación de pinchos (21:00) e **Foliada Popular**.

SÁBADO 1 XUÑO 2024

11.00 H. FEIRA DE ARTESANÍA	17.30 H. ACTUACIÓNS MUSICAIS CANTAREIRAS D'XANARES GUITIRIZ
13.00 H. FESTIVAL DAS ESCOLAS AIRIÑOS DE ORBAZAI	ASOCIACIÓN CULTURAL “XERMOLOS” GUITIRIZ
14.00 H. SESIÓN VERMU PANDERETEIRAS DE ORBAZAI	ONDIÑAS DO MENDO LEIRADO - SALVATERRA DO MIÑO
14:30 H. XANTAR POPULAR E BAR RESERVA ANTECIPADA 807 388 490 847 214 283	AGRUPACIÓN FOLKLÓRICA “LA SIDRINA” LUGONES - ASTURIAS
	AIRIÑOS DE ORBAZAI
	21.00 H. DEGUSTACIÓN DE PINCHOS FOLIADA POPULAR







No mes de *Xunio*, con motivo das **Festas de San Xoan**, e través do programa “**Tradigalu**” da **Área de Cultura** da *Deputación de Lugo*, o Grupo de Cantos Populares “**Airiños de Orbaza**” actuo na localidade chairega de **Vilalba**, no entorno da *Praza de Santa María*.



No mes de *Agosto*, tamén a través do programa “**Tradigalu**”, da **Área de Cultura** da *Deputación de Lugo*, o Grupo de Cantareiras “**D’Xanares**”, da Asociación Cultural “**Airiños de Orbaza**” tivo a súa primeira actuación oficial, xa desligadas do Grupo de Cantos Populares, foi na parroquia de **Rubiais (Pedrafita do Cebreiro)** o **Sábado 10 de Agosto do 2024**.





Neste mes de *Agosto*, e como devolución ó intercambio feito coa Agrupación Folklórica "**La Sidrina**", as distintas agrupacións musicais estiveron presentes na **40ª Muestra Folklórica Internacional de Lugones** (*Asturias*), xunto coa agrupación local "**La Sidrina**" é o **Groupe Folklorique "Lous Mirandes"** de *Mirande (Francia)*. Onde actuaron tanto o Grupo de **Gaitas e Pasarrúas** (*no desfile previo*), como o Grupo de Cantareiras "**D'Xanares**" e o Grupo de Cantos Populares "**Airiños de Orbazai**" representando á música e baile tradicional galega nese **Festival Internacional**.





No mes de *Setembro*, o fin de semana do **Sábado 14** e **Domingo 15**, houbo “*dobrete*” para algúns dos integrantes das distintas agrupacións, o **Sábado 14** o Grupo de Cantos Populares “*Airiños de Orbazai*” estivo presente no **Festival Folclórico 40º Aniversario** da Agrupación “*Ondiñas do Mendo*” de **Leirado (Salvaterra do Miño)**, xunto coa agrupación local e o **Grupo Etnográfico São Miguel de Cristelo, de Paredes (Portugal)**.





O **Domingo 6** de *Outubro*, **Domingo das Mozas**, na *Praza de Santa María* de **Lugo**, tivo lugar o **CONCERTO** do Grupo de Cantos Populares "**Airiños de Orbazai**" dentro do programa de Festas do **San Froilán 2.024**. Onde a agrupación musical presentou o seu **NOVO** traballo discográfico "**ORIXE**".





Unha vez rematadas as Festas do San Froilán, deu comenzo un NOVO Curso, nos cursos e actividades permanentes da Asociación Cultural “**Airiños de Orbaza**”, nesta ocasión o **Curso 2.024-2.025**, para este curso se ofertaron: **Clases de Pandeireta de Iniciación, Clases de Pandeireta de Perfeccionamento, Clases de Baile Tradicional de Iniciación, Clases de Baile Tradicional de Perfeccionamento, Clases de Pandeireta para Nen@s (a partir de 4 anos), Clases de Baile Tradicional para Nen@s (a partir de 4 anos), Clases de Gaita de Iniciación, Ensaio do Grupo de Pasarrúas, Ensaio do Grupo Cantareiras D’Xanares (Grupo Pechado)** en horarios dos *Sábados*; e ensaios do **Grupo de Pandereteiras** e do Grupo de Canto e Música Tradicional “**Airiños de Orbaza**” (*Grupo Pechado*) en horarios dos *Martes*. Tendo unha GRAN acollida entre os Soci@s da Asociación Cultural e aumentando considerablemente o número de alumnos.

 APERTURA DO PRAZO PARA A INSCRIPCIÓN NOS CURSOS E ACTIVIDADES PERMANENTES DA ASOCIACIÓN CULTURAL “AIRIÑOS DE ORBAZAI”.

PERIODO DE INSCRIPCIÓN:
Ata o 30 de NOVEMBRO de 2.024

HORARIOS CURSO 2024/2025

Grupo “PANDEREITEIRAS de ORBAZAI”
ENSAIOS OS **MARTES**, de 19:30 h a 20:30 h

Grupo Canto e Música “AIRIÑOS DE ORBAZAI”
(Grupo **CERRADO**)
ENSAIOS OS **MARTES**, de 20:45 h a 22:15 h

Grupo Pasarrúas “Airiños de Orbaza”: de 10:00 a 11:00 h
Pandeireta e Percusión (*Iniciación*): de 10:00 a 11:00 h
Pandeireta **Nen@s (A partir 4 anos)**: de 10:00 a 11:00 h
BAILE Tradicional (*Iniciación*): de 11:00 a 12:00 h
BAILE **Nen@s (A partir 4 anos)**: de 11:00 a 12:00 h
Pandeireta (*Perfeccionamento*): de 11:00 a 11:30 h
“Cantareiras d’Xanares”: (*Grupo CERRADO*) de 11:30 a 13:00 h
Gaita (*Iniciación*): de 12:00 a 13:00 h
BAILE Tradicional (*Perfeccionamento*): de 13:00 a 14:00 h

ENSAIOS/Clases OS SÁBADOS
DURACIÓN CURSO: ata o 31 de Maio do 2.025

**Os ensaios/Clases dos Sábados
dende o Sábado 19 de OUTUBRO
ata o Sábado 31 de Maio do 2.025**

Os PAGAMENTOS faranse na primeira clase de cada mes.

* A Asociación Cultural “Airiños de Orbaza”, resérvase o dereito de CANCELAR as actividades ou cursos se NON se chegan a cubrir un número mínimo de prazos por curso ou actividade.
¡Más info!
✉ airinosdeorbaza@hotmail.com
airinosdeorbaza@hotmail.com



No mes de *Novembro*, concretamente, o **Venres 1** de *Novembro* do 2024, o Grupo de Cantos Populares “**Airiños de Orbazai**” foi convidado ó programa **1414** de “**LUAR**” na TVG, para presentar o seu NOVO traballo discográfico, baixo o nome de “**ORIXE**”, no que presentan 10 versións *propias* de temas populares da música tradicional galega.

